

# Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / Saída: cando lle peta / Prezo: cunca albariño caseiro / Coordina: Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº48/ Ano: 2022 / 2º xornal Mes de abril / Estado de visitar as "capelas"

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)

## Especial Semana Santa e maíos 2022



Por primeira vez, abre O Pirata en Semana Santa



Ponse en funcionamento as novas latrinas e o dispensario de Primeiros Auxilios está aberto de xeito permanente.

Abre o Centro de visitantes e realízanse un bo número de actividades. Esperamos a súa remodelación antes do verán.



Comezan a traballar as terras.



Por fin!!! Comeza a repoboación da antiga zona de acampada de Chan da Pólvora.



Primeira fase de soterramento dos cables eléctricos.



O noso adeus a Benito Patiño.

Os nenos de Ons cantando os maíos en Marín no ano 1974. Foto: Julio Santos



Pineiróns, durante anos, cantou os maíos na Illa de Ons.



A dorna, unha alternativa lúdico-turística.





# Semana Santa 2022 na Illa de Ons

Estaba con ganas de achegarme á Illa pois aínda que este outono-inverno houbo algún barco por mor das obras, tanto oficiais como particulares, que se estiveron realizando en Ons, diferentes motivos fixeron que non fose posible, por iso a ansia por ir era notable.

Hai que ter en conta que estes días de semana santa a afluencia de visitantes é mínima comparada coa época estival, os aunienses acoden a abrir as casas que permaneceron pechadas durante o inverno,..., e a relación con eles e cos amigos que se achegan e aos que só ves na Illa, faise máis familiar e natural; é por iso que estes días, xunto coa excelente meteoroloxía que tivemos, foron aproveitados ao completo.

Ía coa idea de percorrer a Illa de punta a chicote e mirar como se atopaba en todos os seus aspectos, pero pequenos atrancos musculares fixeron que a miña mobilidade non fose a desexada polo que non puideron visitar algunhas zonas afastadas como a do Buraco, Melide, Xobenco ou Punta Centolo, pero iso non evitou que nos meus reducidos paseos, pola contorna entre Pereiró e o Faro, puidera, a carón de facer algo de deporte, comprobar como se atopaban algúns barrios.

Aquí vos deixo as miñas suxestións ao respecto.

## QUE NOVIDADES ATOPAMOS



A primeira sorpresa foi o novo aspecto do bar-restaurant Acuña e que, por primeira vez dende que é <O Pirata>, este outro restaurante abrirá pola semana santa.

Ao dispor de tres “capelas” (Checho, Acuña e O Pirata) abertas, o xoves santo, á hora dos viños, puideron cumprir coa tradición de visitar as “capelas” e saborear os seus excelentes “caldos” acompañados dunhas boas tapas e en compañía dos amigos aunienses e de tod@s aquel@s que, non sendo aunienses, acudiron á chamada do bo tempo e achegáronse a pasar un ou varios días, entre os que se atopaban, varios membros da asociación PineirÓns..

### LATRINAS E PRIMEIROS AUXILIOS


Comprobamos in situ, a construción e posta en funcionamento das necesarias latrinas instaladas durante o outono que, de seguro, van a dar un servizo importante ás miles de persoas que visitan Ons durante a época estival. Era unha reivindicación que se levaba solicitando á administración dende hai anos e que por fin Parques, con moi bo criterio realizou, situándoas no lugar adecuado e cunha boa montaxe no seu interior. Só falta esperar que se realice á limpeza diaria necesaria que requirirán.

Tamén hai que agradecer a Parques, que ao igual que o pasado ano por estas datas, tiveramos aberto o tan necesario dispensario de Primeiros Auxilios e que este fose de xeito permanente (día e noite).

Reiterar a petición a Parques para que este imprescindible servizo funcione, tamén de xeito permanente, dende o 15 de xuño ao 15 de setembro, con médico ou Ats.







## ACTIVIDADES PARQUE NACIONAL CENTRO DE VISITANTES

Aínda que como viñamos solicitando, no interior e exterior do Centro de Visitantes, polo de agora, non se fixo ningunha remodelación que coidamos é moi necesaria, con todo comprobamos, a diferenza doutros anos atrás, que si houbo actividade.

A dorna, situouse dentro do Centro (supoño que o lugar onde foi radicada é provisional) e tiña pequenos folletos explicativos.

Estaba aberto ao público contando cun/ha Guía que daba as explicacións necesarias para a visita.

Na sala de proxeccións, impartíase a actividade infantil “Xogos reunidos mariños” tamén dirixido por un/ha Guía.

E xa fóra do recinto, levábase a cabo a actividade, que Parques presentou á prensa antes da Semana Santa, de dúas Rutas guiadas por persoal cualificado, cos nomes:

*Un pobo no mar e Unha illa de dúas caras*


[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/2022/04/09/rutas-guiadas-gratuitas-conocer-ons-semana-santa/0003\\_202204P9C7993.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/2022/04/09/rutas-guiadas-gratuitas-conocer-ons-semana-santa/0003_202204P9C7993.htm)

Tamén no interior e con bastante material, podías informarte e selar a Actividade: “7 días 7 parques”, que pertence a unha campaña promocional da Xunta para que se visiten en todo o ano sete parques de Galicia, entre os que está, o Nacional das Illas Atlánticas. Aparte dos pequenos folletos explicativos, daban un pasaporte para ser selado en cada un deles, importante para, ao telos todos, presentalo e intentar estar entre os 20 primeiros antes do 30 de setembro deste ano e así recibir como agasallo unha fin de semana nalgún dos establecemento hostaleiros da Rede de Turismo da Xunta.

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/65231/7-dias-7-parques>

Como comentario seguir proponendo a Parques o redeseño do Centro e avaliar como foron as actividades presentadas con vistas ao verán, pois quizais, no que as Rutas se refire, hai que buscar un xeito de atraer a máis visitantes a participar, xa que, segundo puidemos comprobar, nalgunhas delas ían moi poucas persoas.

Animar tamén a Parques á realización de proxeccións para grandes grupos nos patios exteriores.





# Semana Santa 2022



## TERRAS TRABALLADAS

Levo anos dicindo que Ons pode volver aos seus orixes agrícolas se por parte da administración poñen un pouco de interese na axuda a ese labor veciñal.

As casas aunienses están, case todas, rehabilitadas e vivindo nelas os seus donos, sen embargo as terras que antano dedicábanse a patacas, millo,..., están a monte e anualmente Parques ten que pasar a súa maquinaria para que non se convertan en maleza que en calquera intre pode ser pasto das lapas. Por que cun Ibi agrario adecuado e poñendo un simple tractor a disposición dos veciños, non se lles facilitan os traballos agrícolas que, estou seguro, a moitos aunienses animarían a traballalas e con iso conseguir a desestacionalización veciñal?



## CASA DE VITORIA E CESÁREO

No meu camiñar cara a Pereiró, ao pasar pola casa de Cesáreo vin o interesante retrato que un antigo alumno meu de Pontevedra, e que traballou en Parques hai anos, fixo da parella e que teñen exposto no muro da súa casa. Con respecto a este pintor, recordo, canto estaba traballando en Ons, que lle propuxemos a Parques que lle formulara a idea de cambiar as caras vascas do cadro que está na entrada do Centro de Visitantes por uns da Illa. Aínda estamos a esperar resposta.

## SOTERRAMENTO DO CABLEADO E RODEIRAS

Vén de rematar o soterramento do cableado eléctrico dende Curro ata Pereiró. Tamén comunicáronnos que aproveitando o oco por onde van ir os cables, puxeron unha manguera para levar auga á zona de Pereiró, que dependía dun pozo de barrena particular e no verán do que ten o Campamento da Xunta. Importante iniciativa.

O que sigo sen entender é o por que, aproveitando o traballo da máquina, non continuaron as rodeiras ata o Campamento







Comprobamos nesta semana santa que cambiaron o Planisferio Celeste ou das Estrelas que hai no cruce de camiños da Enseada de Caniveliñas. Foi posto sobre unha boa rocha, é doado de manexar e moi didáctico. **Parabéns**. Só esperar que non veña algún energúmeno e acabe con el.

Á vez tamén comentar, o estado do camiño nese mesmo lugar, que sen ser un inverno duro, vexan como se atopaba.



## PEQUENA REFORESTACIÓN NA ANTIGA ZONA DE ACAMPADA DE CHAN DA PÓLVORA

Teño que recoñecer a miña alegría ao comprobar que despois dos anos que pasaron dende que comezaron as cortas neste espazo e, paralelamente, nós solicitar a reforestación, esta comezara durante este pasado outono-inverno.

Agora vén o máis complicado que é o seu coidado para que non quede só en intencións.

Hai que protexelos e mimalos para que vaian arriba sen problema. **Parabéns**





# ONS PERDE A OUTRO DOS SEUS PATRIARCAS BENITO PATIÑO OTERO



**Benito Patiño** era un deses aunienses entrañables, sempre disposto a botar unha man e dos poucos que van quedando na Illa da gloriosa dos anos 30 do s. XX. Deixounos o día de xoves santo de 2022.

Ocupaba o número 21 dos 22 irmáns que eran. Dende moi novo tivo que buscarse a vida no mar e iso deulle unha grande experiencia que logo soubo aproveitar cando as circunstancias da vida obrigaron a dar cambios.

Foi dos primeiros en saltar da dorna aos barcos de motor e, como persoa emprendedora, non vacilou en mercar e patronear o <Centinela>, o <Jabena> (segundo barco que veu á Illa), o <Cuatro Vientos> e logo, co seu fillo Carlos de patrón, tamén tivo a familia o <Xa me Vedes>.

Moitas horas teño pasado con el informándome de centos de historias da súa querida Illa. Era unha persoa moi faladora e expresiva, con ese ton de voz que lle daba un toque moi particular aos seus relatos, como se os estivera vivindo nese momento.

Benito nunca perdeu o humor e foi un gran loitador reivindicando a propiedade das súas casas aunienses.

Foise cando faltaba só un mes para cumprir os 90 anos. Seguiremos recordándoo como un gran auniense.

**Benito**, sempre participou nas Festas da Illa e, en moitas ocasións, estivo na Comisión.  
*Foto: Anos 80, segundo pola dereita)*



O día 23 de novembro de 1993. **Benito** xunto ao patrón do <Audaz>, Emilio Otero, nunha entrevista periódica cando, navegando nas inmediacións da Illa, albiscaron un ovni dunha cor verde intensa.



**Benito**, o día da Festa da Illa en 2019

**Benito** e o seu sobriño Cesáreo, un día que, saboreando un tinta femia, pasamos unhas horas charlando sobre os xogos populares que se desenvolvían na Illa, das travesías ata Pontevedra para vender o percebe, de como se andaba ao can en dorna,..., e un longo etc.



**Benito**, dos poucos illáns, que no seu estado de saúde, sempre quixo ir a andar ata a súa casa.



**Benito**, co seu fillo Carlos, Lolo e con Josecho Moldes, cura párroco de Bueu e Beluso, que sendo de Noalla, confirma a boa relación que hai entre a parroquia de Sanxenxo e Ons. *Festas Ons 2021*



# A ILLA DE ONS E OS MAIOS

**Maio**

**"O Illeño de Ons"**

Poñan atención xente de Marín co maio da Illa xa chegou aquí.

Imoslle contar moitas das nosas penas pois por máis que berramos ninguén fai caso delas.

Na nosa Illa señores hai moita necesidade estamos abandonados de que nos ten que coídar.

Faltanos o médico e a sanidade xa hai varios anos que nin veñen vacunar.

A nosa Illa, señores pra nos é unha pena bonita pra todo mundo menos pra quen vive nela.

Pois día tras día temos que pasar o peor do mundo que é morrer de soledade.

Ven moita xente a conocer a Illa e todos comentan que é unha maravilla.

Pois non é o mesmo estar soío un día que vivir nela perante toda vida.

Porto non temos pra os barcos atracar e po las noites teñen que marchar.

Así os nosos mariñeiros xente traballadora por culpa dos barcos teñen que dormir fora.

Soio somos colonos non somos propietarios nin xiquera é nosa a casaña que habitamos.

Moito prometeron que nos íban dar o que nos deron foi tempo pra escapar.

O barco de pasaxe ven cando quer e si protestamos danos as de perder.

Pedimos por favor algo de compasión vivimos arredados desta civilización.

A xente do pobo soío peusa en luxir comprar as casañas fora o conto é marchar dali.


Cando de todos nos non quede ninguén moita xente extrana ha de vir pra vivir ben.

Erguete maio fai favor de calar que en vez de premio un pau te vas levar.

Hastra outro ano homes e mulleres no selenta e cinco estaremos con vostedes.

**MARIN, MAYO 1974**

IMP. GAMERO.-MARIN



*"Ao pouco chegou o <4 Vientos> ao peirao de Ons... con considerable dificultade, embarcamos maio e nenos e puxemos rumbo a Marín... Ao chegar a Marín houbo que refacelo, o mar era duro... Logo percorremos as rúas parando aquí e alá... O maio... participou pola tarde nun singular concurso onde era o único participante... a xente, que sabía da súa procedencia, amosáballes un especial cariño..."*

Todo un bo facer dun mestre comprometido cos nenos dunha Comunidade, daquela, esquecida por todos.

**Fotos: Arriba: O Maio de Ons participando en Marín. J. Santos Dereita: O <4 vientos> de Benito Patiño. Carlos Patiño**

## A FESTA DOS MAIOS EN ONS

Penso que a festa dos Maios, tal e como se celebra en Pontevedra e Marín, en Ons nunca se fixo; outra cousa e colgar os maios, que si o facían en todas as portas, xanelas, cancelas,..., das casas aunienses.

Sen embargo e por unha razón concreta, si fíxose un maio, tal e como conta Julio Santos Pena no artigo da revista Aunios nº: 9 : [http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/09/011\\_09\\_A\\_sociacionPineiros.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/09/011_09_A_sociacionPineiros.pdf)

Este mestre, un dos tres únicos que viviron en Ons coa súa familia mentres exerceron a súa profesión alí, no ano 1974 decidiu preparar, como unha actividade escolar, un maio, argallar as coplas segundo a problemática existente nese intre na comunidade auniense e presentarse en Marín con el para participar no concurso de Maios da vila e, á vez, levar as reivindicacións aunienses ante o pobo marinense.

Pero non todo foi doado. Preparar o maio e as coplas si, pero, no intre de desprazarse a Marín xurdiron os problemas. Comentaba: *"Claro que chegar a Marín, dende a Illa, cun maio non era cousa doada. Precisabamos cando menos un barco e foi o momento de falar con Benito Patiño, un dos donos do <4 vientos> que era daquela o barco máis grande e potente da flotilla da Illa, pois tiña ao seu fillo Carlos na escola e pareceulle moi boa idea, comprometéndose a levarnos..."*

A cousa estaba clara, xa tiñan barco, maio e coplas, pero, no intre de marchar, sigue comentado Julio: *"O día de marchar... o vento sur facíase dono do ambiente, o mar enfurecido... ninguén de nós se decatara da negativa situación... Petaron na porta da escola, era Benito Patiño, consciente de que ía dar un bo desgusto a todos,..., dixo: - Non imos poder ir!!!... Consciente da situación, díxenlle: - Tranquilo, faremos a festa na Illa..., pero pasa, vén ver o maio. Ao velo, quedou abraiado e despois de dar un par de voltas ao seu redor, dixo: - Que bonito!!! E vendo a cara de tristura dos rapaces, non dubidou en dicir: - Pois temos que ir!!! Se podemos embarcar todo, imos!!!"*

Así relata Julio Santos a odisea do maio da Illa, que, grazas a Benito Patiño, chegou a Marín e triunfou, como era de esperar.





# Pineiróns E OS MAIOS



Por iniciativa do noso Presidente de Honra Lano Mayán, Pineiróns decidiu hai anos celebrar na Illa a Festa dos Maios. Sabiamos que non era unha tradición en Ons pero, ao igual que lle pasara ao mestre Julio Santos, Lano, que era de Marín, onde cantar os Maios si é un costume, animounos e durante anos o 1º de maio e algún ano, trasladándoo ao 17 para aproveitar a ponte, confeccionamos o maio, facía as coplas e o cantabamos nas tres tabernas e no camiño.

Toda unha posta en escena fantástica e, aínda que ás veces non había moito público polas datas, era seguido polos aunienses e persoas visitantes de día con entusiasmo e admiración.

Seguindo a nosa costume e respectando a tradición, presentamos outro ano o maio dos Pineiróns.

Non só nos dedicamos á revista ou ao maio, pedir cousas para a Illa tamén é o noso traballo.

Pero para estar na igrexa a xente ten que ter xeito, en vez de seguir a misa están mirando para o teito.

Puxéronlle prezo á Illa vale sete mil millóns, se algún día hai reparto que conten cos Pineiróns.

## ALGUNHAS DAS COPLAS



Demos tempo ao tempo non hai que ser choróns, temos ata un muro para as lamentacións.

O mar que rodea á Illa máis que limpo é cristalino, din que no fondo hai un coche pero non un submarino.

Do que non cabe nin dubida porque xa é decreto lei, a Illa ten máis categoría desde que aquí veu o rei.

Unha noite nesta Illa unha noite non é nada, unha semana enteira viño, polbo e caldeiradas.

No medio do mar o peixe  
Enriba do mar o bote,  
A auga está sempre limpa  
No fondo o chapapote.

Son moi poucos os veciños  
que viven na Illa de Ons,  
sen embargo, cousa rara,  
hai dúas asociacións.

O problema foiche a auga  
aquí é o peor mal,  
unhas billas estaban secas  
por outras saía sal.

Diferentes coplas dos primeiros maios que cantou Pineiróns.



## A DORNA EN ONS

A mediados do s. XIX, co cambio económico que trouxo a instalación dunha fábrica de salga na Illa, fixo aparición a **Dorna**, como embarcación axeitada ao duro mar atlántico e doada de protexela das marusías varándoa nas praias aunienses. En pouco tempo aprenderon o seu manexo, a remo e vela, sendo o barco máis apropiado para a pesca do polbo como principal dedicación, aínda que fose utilizada para a pesca da centola, do percebe, trasmallos,..., e outras artes.

Cada familia tiña a súa dorna, era a aportación do home no intre de casar, e había casas que por vivir nelas dúas ou máis familias, tiñan máis de unha co que Ons contaba, a mediados dos anos 50 s. XX, cunha flota de case 100 dornas nas súas praias.

A dorna converteuse no motor financeiro dos aunienses e ao igual que coidaban das vacas ou bois como un máis da familia ao ser o soporte económico agrícola, a dorna tiña os mesmos mimos pois non só era o medio imprescindible para pescar, senón que, ás veces, convertíase na súa propia vivenda ao ter que durmir nela e facer a comida no seu interior nas longas xornadas de pesca afastados da Illa, sen esquecerse que era o seu medio de transporte con continente cando ían vender ás lonxas, para ir levar o millo ao muiñeiro, para traer víveres,..., e ata transportar enfermos cando os medios caseiros non daban os resultados esperados de curación.



Dornas, na praia das Dornas, nos anos 60 s. XX

Pescando ás luras en dorna preto de Onza.



[http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/07/04\\_IlladeOns.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/07/04_IlladeOns.pdf) Na revista Os Galos no seu nº 7 do ano 2006, presentaba este traballo co fin de dar unha alternativa á problemática turística de Ons, onde propoñía un turismo rural-mariñeiro onde os visitantes poderían pasar as súas vacacións na Illa participando nas tarefas agrícolas e mariñeiras, onde a dorna ía a ter un papel principal para que os turistas coñeceran esta embarcación e participaran activamente no seu manexo, tanto a vela como a remo, e á vez aprender dun xeito didáctico o seu manexo e os aparellos utilizados para a pesca do polbo.

As asociacións de embarcacións tradicionais poderían xogar nesta actividade un papel importantísimo e así, a carón de seguir recuperando embarcacións tradicionais, poderían solicitar máis axudas autonómicas e estatais para a rehabilitación destas embarcacións e realizar actividades con elas.

Estas ideas foron expostas por PineirÓns nos últimos anos á Consellería de M. Ambiente e a Parques a través dos Informes anuais que lles envía.



Coidamos que poderíase comezar xa neste próximo verán, facilitando Parques a presenza de persoal destas asociacións e organizando charlas e navegacións a vela e remo en dorna, podendo comezar por persoas que estean pasando uns días no cámping ou cos rapaces dos Campamentos da Xunta.

## A DORNA, ALTERNATIVA TURÍSTICA EN ONS

A finais dos anos 60 s. XX, comeza o declive da dorna ao enfrontarse os aunienses ao desafío da compra de barcos a motor grazas as boas perspectivas económico-pesqueiras da época e ás facilidades que estaleiros como o de Purro en Bueu e a motores Pazó en Pontevedra daban aos aunienses para mercar barcos e motores.

Nunha década, as dornas pasaron a realizar tarefas de auxiliares dos barcos motorizados ou á pesca estival do polbo con métodos tradicionais.

Estes barcos xunto co xurdir da nasa do polbo e na década dos 90 coa reestruturación da pesca e a aparición das planadoras para ir ao percebe, deron a puntilla á dorna que a pasos de xigante foi desaparecendo de Ons ata chegar aos nosos días, 2022, no que só contamos coa de Cesáreo en activo.

Ante a perda desta embarcación, símbolo económico e, xunto cos piornos, etnográfico de Ons, provocou, pola miña parte a nivel particular e posteriormente pola asociación PineirÓns, a reivindicación desta tradicional embarcación para a súa dedicación a fines culturais dentro dun Turismo Mariñeiro asociado ás vivendas aunienses que queiran dedicarse a un Turismo Rural-Mariñeiro.

Aínda que tamén, pode verse como un recurso sostible, onde a Consellería de M. Ambiente e Parques xunto coas Asociacións de Embarcacións Tradicionais que hai nas rías de Arousa e Pontevedra, poña as facilidades para que en Ons, durante o verán, estas asociacións en acordos coa administración realicen actividades lúdico-didácticas sobre a Dorna.